

Resolución do vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente do 3 de novembro de 2015 sobre a aplicación do permiso por asuntos particulares e vacacións por antigüidade establecidos no Real decreto lei 10/2015, do 11 de setembro

Publicado por Resolución do 15 de outubro de 2015 da Dirección Xeral de Función Pública, no DOG núm. 199, do 19 de outubro de 2015, o Acordo de transposición en materia de permiso por asuntos particulares e vacación por antigüidade establecidos no Real decreto lei 10/2015, do 11 de setembro,

RESOLVO:

Primeiro.- O persoal docente e investigador da Universidade da Coruña terá dereito ao gozo dos días adicionais de permiso por asuntos particulares e vacacións por antigüidade nos termos recollidos no citado Acordo de transposición do 15 de outubro de 2015, isto é:

1. Ao gozo de dous días adicionais de permiso por asuntos particulares ao cumprir o sexto trienio, que se incrementarán nun día adicional por cada trienio cumprido a partir do oitavo.
2. Ao gozo dos seguintes días de vacacións anuais ao completar os anos de antigüidade que a seguir se indican:
 - Quince anos de servizo: vinte e tres días hábiles
 - Vinte anos de servizo: vinte e catro días hábiles
 - Vinte e cinco anos de servizo: vinte e cinco días hábiles
 - Trinta ou máis anos de servizo: vinte e seis días hábiles

Segundo.- Os días referidos ao permiso por asuntos particulares por antigüidade e os días adicionais de vacacións por antigüidade, correspondentes ao ano 2015, poderán gozarse ata o día 30 de abril de 2016.

Terceiro.- A autorización dos permisos por asuntos particulares e días de vacacións adicionais estará supeditada a que as obrigas docentes e de titoría non se vexan afectadas polo seu gozo. Deberá quedar constancia deste extremo na solicitude que se realice a través do “Portal do Persoal”.

Cuarto.- Os días de permiso e vacacións aos que fai referencia esta resolución poderán solicitarse a partir do vindeiro día 3 de novembro de 2015.

Quinto.- Incrementase un día ao ano por asuntos particulares conforme ao establecido no artigo 2 do Real Decreto-lei, de 11 de setembro (BOE de 12 de setembro), que modifica a letra k do artigo 48 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. O goce do correspondente ao ano 2015 poderá realizarse ata o 15 de xaneiro de 2016.

A Coruña, 30 de outubro de 2015

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente

Gustavo Rego Veiga

PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA